

***USTED (CASTELÁN) E VOCÊ  
(PORTUGUÊS EUROPEO):  
CRÓNICA DE DÚAS MORTES  
ANUNCIADAS?***

**María Sampedro Mella**

Institut Langage et Communication,  
Université catholique de Louvain

DOI: 10.17075/iipdl.2025.010



## 1. INTRODUCCIÓN

O castelán e o portugués europeo (PE) presentan diferentes sistemas de tratamento (*tú-usted* vs. *tu-você-o senhor/ a senhora*), cuns usos pragmáticos que varían considerablemente entre as dúas linguas. Tanto no castelán como no PE existe unha abundante bibliografía sobre as formas de tratamento (FT), cunha perspectiva diacrónica (Calderón Campos 2003; Shishida 2009; Marcotúlio 2015; Faraco 2017 [1996]; Hummel 2019; Molina Martos 2020; Lara Bermejo 2021) e sincrónica, centrada na análise dos contextos nos que se emprega cada forma, a partir de mostras de corpus (Guilherme & Lara Bermejo 2015; Sampedro Mella 2022a), interaccións en redes sociais (Marques & Duarte 2019), textos literarios (Marques 2010), discurso publicitario (Hickey & Vázquez Horta 1990) ou cuestionarios de uso (Hammermüller 2020; Sampedro Mella & Uruburu Rodríguez 2023). No castelán, destacan tamén as investigacións que teñen como fin o estudo das variables sociolingüísticas que inflúen na selección das FT a través de enquisas con preguntas directas (por ex., *¿cómo trata a...?*) (Borrego, Gómez Asencio & Pérez Bowie 1978; Alba de Diego & Sánchez Lobato 1980; Aguado Candanedo 1981; Molina Martos 2002). No entanto, o número de investigacións baseadas na análise das crenzas de uso dos falantes é moi inferior nas dúas linguas (Sampedro Mella 2022b, para o castelán; Duarte & Marques 2023a, para o PE).

Este estudo examina comparativamente as FT no castelán e no PE, con especial atención ás formas *usted* e *você*. A pesar da súa orixe común latina, estas FT adquiriron usos e valores diferenciados ao longo da súa evolución diacrónica, polo que na actualidade non resultan equivalentes. Porén, tanto no castelán como no PE, a utilización das formas *usted/você* en certos contextos pode ser obxecto de controversia por razóns moi diferentes, polo que os falantes poden chegar a evitar empregarlas. Tendo en conta esta situación, neste capítulo analízanse comparativamente estas formas partindo dunha selección de testemuños

públicos de lingüistas, escritores e xornalistas sobre o uso ou perda de *usted* e *você*, e dun estudo de crenzas de falantes novos (18-24 anos), recompiladas a través dun cuestionario deseñado *ad hoc*, que podería indicar se se está a producir unha mudanza lingüística no que atinxe ao uso dos tratamentos. O obxectivo é aportar un panorama comparativo que dea resposta ás seguintes cuestións: 1) que diferenzas existen entre as FT do castelán e do PE actuais; 2) como e cando comezan a diverxer os usos de *usted/você*; 3) que se cuestiona publicamente da utilización (ou perda) destas FT no castelán e no PE, e 4) cales son as percepcións dos falantes a este respecto.

A estrutura do capítulo é a seguinte: na sección §2, descríbense os sistemas de tratamento no castelán e no PE (§2.1), e as formas *usted/você* (§2.2); na sección §3, a súa evolución diacrónica. A seguir, en §4 revísase unha selección de testemuños de lingüistas, escritores e xornalistas sobre a utilización destas formas no castelán (§4.1) e no PE (§4.2). A continuación, achéganse os resultados do estudo comparativo das crenzas de uso dos falantes (§5) e, para concluír, preséntanse unhas reflexións finais (§6).

## 2. AS FORMAS DE TRATAMENTO NO CASTELÁN E NO PORTUGUÉS EUROPEO: APROXIMACIÓN SINCRÓNICA

### 2.1. Descrición das formas de tratamento no castelán e no portugués europeo

Na *Gramática do portugués* (Raposo *et al.* 2020), as FT defínense como “o conxunto das formas (palabras e expresións) que o falante usa para se dirixir ao ouvinte (ou ouvintes) num ato de comunicación lingüística, ou seja, para referir o(s) destinatário(s) ou recetor(es) do seu discurso” (Bacelar do Nascimento 2020: 2701). As FT atanguen diferentes clases de palabras: 1) substantivos, como nomes propios, nomes de parentesco, fórmulas de tratamento etc. (*Ana, avó, senhor, doctora...*); 2) pronomes de tratamento, como *tu/tú, usted/você, ustedes/vocês* etc., e 3) formas verbais, é dicir, as desinencias verbais que designan un alocutario (*quieres* [tu], *queréis* [vosotros] etc.), presentes en linguas de suxeito nulo (*pro-drop languages*), como o español ou o portugués.

O interese polo estudo das FT nas distintas linguas parte da publicación do artigo “The Pronouns of Power and Solidarity”, de Brown e Gilman (1960). Estes autores establecen unha teoría pioneira das relacións sociais, estruturadas a partir de dous eixos, a *solidariedade* e o *poder*, que correlacionan coa utilización das FT. A solidariedade reflicte a proximidade entre o emisor e o receptor, e baséase nalgúns trazos sociais comúns, como a súa idade ou sexo, o grao de coñecemento mutuo, a relación afectiva etc., polo que dá lugar a relacións igualitarias. Por outra banda, o poder xorde de diferenzas sociais de distinto tipo, como a idade, a riqueza, o sexo ou rol dos interlocutores, e carrega relacións xerárquicas, nas que un membro exerce autoridade sobre o outro. Segundo estes autores, as relacións solidarias maniféstanse a través do uso de FT simétricas, denominadas *formas T* (pronome latino *TU*), e as relacións xerárquicas exprésanse mediante FT asimétricas, ou *formas V* (pronome latino *VŌS*). Nas relacións solidarias, ambos os participantes utilizan T, mais nas relacións de poder, “[...] the superior says T and receives V” (Brown & Gilman 1960: 255).

O sistema de tratamento do castelán é, como o do galego ou o do francés, diádico, isto é, está estruturado en torno a dúas FT para manifestar os valores T-V: o pronome *tú*, que se utiliza coa segunda persoa para a expresión da proximidade (forma T); e o pronome *usted*, que se combina coa terceira persoa e amosa distancia e formalidade (forma V). En canto ao PE, ao igual que o romanés, presenta un sistema de tratamento triádico, constituído por tres formas: 1) o pronome *tu*, que acompaña as desinencias da segunda persoa (forma T); 2) o pronome *você* que, utilizado coa terceira persoa, funciona como forma intermediaria de tratamento, nin tan próxima como T, nin tan distante como V; e 3) as fórmulas nominais, que se constrúen co artigo seguido dun nome, fórmula ou substantivo simple ou complexo (*o João, o senhor/la senhora, o senhor doutor, a senhora engenheira* etc.) máis as desinencias da terceira persoa, e expresan maior formalidade, deferencia ou distancia comunicativa (formas V).

Na táboa 1, preséntanse as diferenzas na estruturación do tratamento no castelán e no PE. É importante ter en conta que, se ben no castelán o emprego dun clítico ou desinencia verbal de segunda ou terceira persoa con valor alocutivo remite univocamente a *tú* (T) ou *usted* (V), no PE isto só acontece coas formas da segunda persoa, que corresponden a *tu* (T), xa que as marcas da terceira poden remitir a *você* ou ás formas nominais (V).

|                          | Proximidade<br>(Forma T) |                                          | Nivel intermedio                  |  | Formalidade / deferencia<br>(Forma V)  |
|--------------------------|--------------------------|------------------------------------------|-----------------------------------|--|----------------------------------------|
| <b>Castelán</b>          | Tú                       |                                          | Tú                                |  | Usted                                  |
| <b>Portugués europeo</b> | Tu                       | Você explícito<br>(nalgunhas variedades) | 3P<br>(clíticos e formas verbais) |  | Fórmulas nominais precedidas de artigo |

Táboa 1. Representación dos valores das FT no castelán e no PE

Como se anticipou, os valores da forma *você* do PE non se corresponden cos do *usted* (V) do castelán, malia que ambos os pronomes proveñan de senllas fórmulas nominais comúns: *Vuestra Merced* e *Vossa Mercê* (cf. §3). Por outro lado, aínda que as FT *tú/tu* coincidan coas formas T nas dúas linguas, tampouco presentan os mesmos valores, pois a concepción das relacións interpersoais e o nivel de estimación da intimidade ou familiaridade non son iguais para os falantes de castelán e de PE. Así, no PE téndese a limitar o uso de formas T ao ámbito da intimidade: cos membros da familia, coas amizades e coas persoas máis achegadas con trazos sociais, como a idade, status ou sexo, comúns. Porén, no castelán, as formas T son empregadas tamén fóra do ámbito da intimidade, xa que expresan confianza e proximidade, dous valores que se interpretan de xeito positivo na cultura española, podendo chegar a considerarse negativa a súa ausencia (cf. Bravo 1999), incluso cando os falantes non se coñecen:

El tuteo, en el caso de España, es hoy en día, la norma, y, por tanto, se da no sólo en las relaciones familiares y de amistad —en las que es lógico por el grado de conocimiento y los lazos socio-afectivos y, también, porque, normalmente, el carácter de la mayor parte de las interacciones verbales son de tipo familiar— sino que se ha extendido a otras relaciones en las que el grado de conocimiento de los interlocutores no es alto, en las que no existen lazos socio-afectivos, y en las que, incluso, la situación comunicativa podría calificarse como formal (Carrasco Santana 2002: 41).

Os usos das FT, alén doutras estratexias de cortesía, varían considerablemente entre as dúas linguas, co predominio de formas máis próximas no castelán e

máis deferentes no PE (*cf.* Sampedro Mella 2019). A diferenza doutras linguas contiguas, no castelán a FT non marcada é *tú* (Hickey & Vázquez Horta 1990; Carrasco Santana 2002; Sampedro Mella 2016, 2022a). No PE, parece existir consenso en que é a terceira persoa sen marcas pronominais ou nominais explícitas, é dicir, a terceira persoa dos clíticos pronominais e das desinencias verbais, sen referir a *você* ou a unha fórmula nominal de tratamento (V). Tal como se comprobou en diferentes investigacións (Faria 2009; Guilherme & Lara Bermejo 2015; Sampedro Mella & Uruburu Rodríguez 2023), este recurso, máis distante que T, permite evitar a escolla dun tratamento explícito de terceira persoa polo que é denominado *tratamento zero* (De Oliveira 1985) ou *tratamento de evitação* (Hammermüller 1993).

## 2.2. As formas de tratamento *usted/você* no castelán e no portugués europeo

No castelán, diferentes estudos realizados dende fai máis de catro décadas (Alba de Diego & Sánchez Lobato 1980; Aguado Candanedo 1981; Carrasco Santana 2002; Molina Martos 2002; Sampedro Mella 2016, 2022a, entre outros) subliñan que o factor máis influínte na selección da FT marcada *usted* é a idade maior do receptor, seguido do seu status alto. De feito, naqueles casos nos que se produce un conflito entre estas dúas variables, isto é, unha persoa de idade maior e status baixo ou viceversa, é a idade a que determina a escolla de T ou V (*cf.* Sampedro Mella 2016). Isto supón unha gran diferenza con outras linguas próximas, como o francés ou o propio PE, nas que a selección das FT está máis influída por variables de orde contextual, como a formalidade da situación comunicativa ou a relación que exista co interlocutor.

A utilización da forma marcada V no castelán pode ser, en ocasións, mal interpretada como unha estratexia de distanciamento intencional co interlocutor. Ademais, o feito de que a súa idade (maior) resulte determinante na escolla das FT implica que non todas as persoas queiran ser tratadas de *usted*, se o consideran como un sinal de vellez e non de deferencia, como recollen algunhas investigacións (Carrasco Santana 2002; Sampedro Mella 2022b, 2024) e a propia Real Academia Española: “El uso de *usted* puede hacer sentir incómodo al interlocutor si, en lugar de como forma de respeto, se interpreta como medio

para marcar distancia o como señal de que se considera persona de edad” (RAE/ ASALE 2011: 322)<sup>1</sup>.

No PE, tal como sinala Gouveia (2008), non resulta sinxelo propor unha definición e descrición dos contextos nos que se emprega o pronome *você* explícito (por exemplo, *você é forte*), ben como tampouco das variables implicadas, debido á súa diversidade de usos e interpretacións. Nunha tentativa de síntese das funcións pragmáticas que concentra este pronome, Hammermüller (1993) identificou ata sete tipos distintos de *você* que conviven no PE: 1) o *você* de respecto, 2) o de igualdade, 3) o de inferioridade, 4) o intermedio (nin tan próximo como T nin tan distante como V), 5) o afectivo (máis próximo a T), 6) o de distanciamento (máis próximo a V) e 7) o metalingüístico (por exemplo, *você é um pronome*). O *você* funciona como forma de respecto intermediaria entre T e V nas relacións persoais, que evita a excesiva proximidade do *tu* e a distancia marcada das fórmulas nominais (Cintra 1972; Cook 2013). En efecto, Cintra (1972) subliñaba que o emprego explícito desta FT entre falantes de maior idade implicaba unha relación de igualdade, e Marques (2010), na análise dos *Contos da Montanha* de Miguel Torga (1941), observou que era unha forma habitual de cortesía en contextos de asimetría xeracional.

Na actualidade, Bacelar do Nascimento (2020) afirma que *você* é unha FT *respeitosa* nalgunhas rexións continentais do país: “sobretudo em zonas rurais, e em classes sociais altas” (Bacelar do Nascimento 2020: 2712); tamén pode ser unha FT de intimidade en contextos familiares: “entre familiares e pessoas conhecidas (como marido e mulher, irmãos, primos, amigos ou conhecidos) ou pelos mais velhos dirigindo-se aos mais novos (como de pai para filho, de tio para sobrinho, de avô para neto, etc.)” (Bacelar do Nascimento 2020: 2712). No portugués madeirense, Bazenga (2022: 480) rexistra a forma *você* no tratamento entre veciños, pero non a documenta en situacións de intimidade ou contextos familiares nos que aínda se utilizan formas V, como as fórmulas *o senhor/a senhora* de fillos para pais. O pronome explícito *você* emprégase ademais como forma neutra en certos contextos nos que non se alude a un receptor determinado (Faria 2009; Lešková 2012): “forma

1. Por mencionar un exemplo a este respecto, no 2014, un dos meus estudantes da Universidad de Salamanca, que me tratara de *usted* en varios correos electrónicos antes do inicio do curso, escribiume para desculparse despois de coñecerme en persoa: “Perdóname por haberte tratado de usted. No sabía que fueras tan joven” (Sampedro Mella 2024: 44).

neutra quando utilizada pela publicidade e pelos meios de comunicação social, que se querem dirigir ao público em geral, indiferenciado” (Faria 2009: 44).

Alén dos usos explícitos de *você* como forma neutra, intermediaria entre T e V, cortés ou familiar, tamén é frecuentemente considerada como unha FT pexorativa (Thomé-Williams 2004; Faria 2009; Marques 2016; Bacelar do Nascimento 2020; Marques & Duarte 2019, Duarte & Marques 2023a). O tratamento con este pronome resulta inadecuado nalgúns contextos, como de inferior para superior (Faria 2009), e incluso pode supor unha falta de respecto por minguar o interlocutor. Marques (2016), a través da análise das manifestacións do movemento dos indignados en Portugal, e Marques e Duarte (2019), no estudo de intercambios verbais en redes sociais, rexistran este pronome en contextos descorteses, e mesmo agresivos, como unha estratexia para atacar o interlocutor: “Sr. Coelho [*primeiro ministro de Portugal*], nem temperado você é desejado. É pior que as vacas loucas” (Marques 2016: 20); “Dinis Jesus Lula: Já sei que é idiota... mas não é idiota o você esquecer propositadamente que o homem quer leis anti-especulação...” (Marques & Duarte 2019: 246). Debido a este valor despectivo que lle é atribuído, o uso explícito deste pronome é moitas veces evitado no discurso: “[p]ara os falantes cultos ou mais velhos, continua a ser uma forma de tratamento pouco cortês [...] Estes falantes em nenhuma circunstância usam o pronome *você* dirigindo-se a um ouvinte com idade, classe social ou hierarquia superior” (Bacelar do Nascimento 2020: 2711-2712).

A xestión dun sistema de tratamentos constituído por varias formas non está exenta de complexidade no nivel do uso, o que provoca algúns problemas que afectan non só aos falantes estranxeiros, senón tamén aos propios nativos (véxase §5). A escolla do tratamento no castelán adoita ser obxecto de dúbidas en certos contextos, pola excesiva proximidade do *tuteo* e a distancia marcada do *usted* (Sampedro Mella 2022b). No caso do PE, a selección do tratamento parece máis clara que no castelán en termos de T-V, posto que T é a forma propia da intimidade. Non obstante, os falantes dubidan en canto ao uso explícito de *você* (cf. §5). As alternativas ao *você* serían o *tratamento zero*, que constitúe a forma non marcada, ou o emprego de fórmulas nominais precedidas do artigo en situacións formais ou máis corteses (V) (Bacelar do Nascimento 2020).

Neste contexto, cabe preguntarse por que os sistemas de tratamento do castelán (diádico) e do portugués (triádico) presentan estas diferenzas na súa configu-

ración, e por que os usos pragmáticos das FT, en particular de *usted/você*, varían tanto entre as dúas linguas. Tendo en conta, asemade, que se trata de linguas contiguas e de orixe románica, tamén interesa coñecer cando diverxeron e se afastaron uns usos orixinalmente comúns. Na seguinte sección preséntase unha revisión diacrónica das FT, con especial atención ás formas *usted/você*, examinadas dende a súa orixe latina, co obxectivo de comprender mellor os usos actuais e as variacións nos sistemas de tratamento das dúas linguas.

### 3. AS FORMAS DE TRATAMENTO *USTED* E *VOCÊ*: APROXIMACIÓN DIACRÓNICA

Os pronomes *usted* e *você* proveñen de senllas fórmulas de tratamento, *Vuestra Merced* e *Vossa Mercê* que, á súa vez, son sintagmas creados a partir do pronome latino *vōs* de segunda persoa do plural. Orixinariamente, estas fórmulas presentaban un valor posesivo (*vuestra/vossa*), mais, a través dun proceso de gramaticalización, perderon esa característica de posesión e adquiriron trazos pronominais (Marcotúlio 2015). Para entender a xénese desas fórmulas é, pois, preciso remontarnos á lingua latina, que dispoñía de dous pronomes de segunda persoa: *TU* para o singular e *vōs* para o plural. Autores como Brown e Gilman (1960) postulan que, cara ao século IV, o pronome *vōs* comezou a empregarse como un plural maxestático para tratar o emperador romano con maior distancia e xerarquía. Na Idade Media, este uso en singular e plural de *vōs* estendeuse tamén entre a nobreza:

A consecuencia deste uso foi que, chegada a Idade Media, as clases altas comezaron aparentemente a empregar formas *V* entre si para mostraren respecto e cortesía mutuos. Sen embargo, as formas *T* persistiron, de xeito que os membros das clases altas usaban *V* mutuamente, os das clases baixas usaban *T* mutuamente, e as clases altas dirixíanse ás baixas con *T*, pero recibían *V* (Wardhaugh 1992 [1986]: 296).

O francés adoptou este novo *vos* no singular como forma *V*, en oposición ao pronome *tu* primitivo que se mantivo como forma *T*; tamén o conservou como plural único, no que se neutralizan os valores *T-V*, dando como resultado un paradigma con dúas formas pronominais no singular (*tu-vous*) e unha no plural (*vous*). Porén, este sistema non triunfou nas linguas da Península Ibérica, que

seguiron evolucionando. Así, ata o século xv, *vós* era a forma V utilizada entre as clases altas ou de inferior para superior, mais neste século os baixos estamentos, a imitación das clases altas, comezaron tamén a empregala entre eles (Cintra 1972; De Jonge & Nieuwenhuijsen 2006). Por tanto, o pronome *vós* acabou incorporando unha multiplicidade de usos: empregábase no singular como forma T —xunto con *tú/tu*— e forma V, e tamén como plural único.

Como consecuencia da popularización do pronome *vós* singular entre as clases baixas e a perda dos seus valores de cortesía, “[n]o século xiv e especialmente no século xv, formas de tratamento com a estrutura *Vossa* + N (*Vossa Mercê*, *Vossa Senhoria*, *Vossa Alteza*, *Vossa Excelência*, *Vossa Majestade*), usadas de início exclusivamente para o tratamento do rei, foram introduzidas na língua” (Faraco 2017: 116 [1996]). Estas fórmulas de tratamento, comúns coas do español, *Vuestra Merced*, *Vuestra Señoría*, *Vuestra Alteza*, *Vuestra Majestad* (cf. Calderón Campos 2003), foron creadas nas Cortes Reais con valor posesivo a partir do pronome de tratamento *vós*, co que convivían<sup>2</sup>.

As fórmulas *Vuestra Merced/Vossa Mercê* estendéronse pola Península Ibérica ata converterse nos respectivos pronomes *usted* e *você*. Esta mudanza obedece a un proceso de gramaticalización, segundo o cal os sintagmas posesivos (*vuestra/vossa*) perderon os trazos de posesión e volvéronse sintagmas pronominais (véxase a evolución completa en Marcotúlio 2015 e Hummel 2019). Neste proceso, documéntanse algunhas formas intermediarias no castelán, como *vuessa merçed*, *vuessansted*, *vuessasted*, *vuested*, *vuesarced*, *vuesasted* ou *vusted* (De Jonge & Nieuwenhuijsen 2006) ata chegar a *usted*, que se rexistra en obras teatrais do século xvii. No caso do portugués, ao século xx chegan as fórmulas *vossemecê* e a súa abreviación *você*, alén dalgunhas variantes fónicas: *vomecê*, *vossomecê*, *bocê* etc. (véxase Hammermüller 2020, para unha nómina completa). O proceso de gramaticalización non fixo desaparecer estas variantes que aínda se conservan, con certas modificacións fónicas, nalgunhas variedades do español americano, en zonas rurais de Portugal e no portugués do Brasil.

2. A primeira documentación de *Vossa Mercê* atópase nun texto das Cortes de 1331 (Santos Luz 1956 *apud* Faraco 2017:118 [1996]). *Vuestra Merced*, pola súa parte, xa aparece na primeira parte da *General Estoria* de Alfonso X (1275) con valor posesivo, sendo *vós* o tratamento de cortesía utilizado: E pues que la **vuestra merced** es de quererle dar vida, ca tan noble fecho como éste pertenece a los reis e a las fijas de los reis cómo **vós** sodes de trabajarvos d’esta guisa de fazer buenos fechos en los omnes que somos a **vuestra merced** [...] (*General Estoria*, *apud* CORDE, RAE en liña).

En canto ao pronome *vós* singular, que chegara a ser máis utilizado que *tú/tu*, desapareceu do castelán ao longo do século XIX, triunfando o *tuteo* como FT de proximidade. Agora ben, este *vos* mantense como forma T nalgunhas variedades americanas do español, onde é empregado como pronome único (por exemplo, na Arxentina e Paraguai) ou xunto co pronome *tú* (por exemplo, en Costa Rica ou O Uruguai). No caso do portugués, o *vós* singular non chegou ao Brasil e practicamente desapareceu da lingua ao longo do século XVIII, onde se documenta mesturado con desinencias de *tu* e de *Vossa Mercê* (Lara Bermejo 2021). “[O] uso de *vós* como 2.<sup>a</sup> persoa do singular [...] está actualmente en desuso” (Bacelar do Nascimento 2020: 2708), quedando só algúns testemuños con valor deferencial en falantes de maior idade do rural. Tamén se pode encontrar en textos relixiosos ou en contextos máis restrinxidos, pero non é unha FT produtiva.

No portugués, a fórmula *o senhor*, que se usaba en combinación coa terceira persoa dende o século XIII para dirixirse a Deus ou ao señor feudal, comeza a empregarse como forma honorífica para dirixirse ao rei ou aos membros da nobreza no século XVI. A partir do século XVIII rexístrase na correspondencia cun aumento crecente ata a actualidade, como ben ilustran Duarte e Marques (2023b: 285), con datos do *Corpus do Português* (Davies & Ferreira 2016). Igualmente, despois da segunda metade do século XVIII, esténdese o emprego do artigo con outras fórmulas, como o rango académico ou social do interlocutor (Vázquez Cuesta & Mendes da Luz 1971). A partir desta etapa, comezan a diverxer os usos das FT do castelán e do PE. Así, no PE, estas fórmulas precedidas do artigo xeneralízanse no trato habitual como mostra de respecto e cortesía, adquirindo paulatinamente os trazos V da forma *você* (Vázquez Cuesta & Mendes da Luz 1971).

No español, os valores de formalidade, respecto, distancia e deferencia son asumidos unicamente polo pronome *usted*, e o emprego de fórmulas desaparece progresivamente do sistema, limitándose á correspondencia formal ou para aludir a autoridades como os reis, pontífices ou outras figuras de alto rango: *Su Majestad*, *Vuestra Excelencia*, *Excelentísimo señor* etc. (cf. Shishida 2009: 736 e ss.). Molina Martos (2020), a partir dun corpus de cartas familiares, observa un aumento do *tuteo* neste ámbito que se xeneralizaría a outros. Considera que se trata dun cambio lingüístico dende arriba, que pasou das clases altas ás baixas, tal como acontecera co emprego de *vós*: “In the last few decades of the 19th century

and the first decades of the 20th, testimony from diverse sources demonstrates how tuteo in Spanish society began to spread beyond the family sphere and into relations between friends and acquaintances of either sex” (Molina Martos 2020: 475).

Neste breve percorrido histórico advírtese que, tanto a xénese como a evolución das FT do castelán e do PE ao longo da Idade Media e da Idade Moderna, prodúcense de xeito paralelo, ao igual que noutras linguas iberorrománicas, como o galego e o catalán. En todas elas obsérvase que, a partir do pronome *vós*, foi creada unha fórmula posesiva que se convertería nos pronomes *usted/você*, e *vostede/vostè*, no galego e no catalán actuais. Os usos pragmáticos mudaron de xeito moi diferente despois da segunda metade do século XVIII, sendo o PE máis conservador coas formas V, mentres que o castelán, como as demais linguas do territorio español, avanzaron progresivamente cara a unha xeneralización dos usos T.

#### 4. ANÁLISE DE REFLEXIÓNS SOBRE *USTED/VOCÊ* NO DOMINIO PÚBLICO

A evolución diacrónica de *usted/você* permite comprender algunhas das diferenzas nos usos actuais do castelán e do PE. Nesta sección achégase unha selección de reflexións contemporáneas sobre as formas *usted* e *você* tomadas de lingüistas, escritores, xornalistas e falantes, que se encontran publicadas en diferentes medios especializados e divulgativos: gramáticas, artigos en xornais e comentarios de blogs. Estas reflexións constitúen unha mostra do importante lugar que ocupan as FT na lingua, tanto para especialistas como para os propios falantes de castelán e de PE, e ilustran como se percibe no ámbito público o uso de *usted/você* e a súa aparente perda ou desaparición. A análise destes testemuños pretende, ademais, profundar nas diferentes valoracións que reciben *usted* (§4.1) e *você* (§4.2).

##### 4.1. *Usted* no castelán

Varios estudos confirmaron que o uso de *usted* no castelán practicamente desapareceu das relacións familiares (Alba de Diego & Sánchez Lobato 1980; Molina

Martos 2002, 2020), como xa advertía o *Esbozo* nos anos 70: “[s]e ha atenuado bastante la costumbre antigua de que el niño y el adolescente y hasta el hombre maduro hablen a sus padres y abuelos de *usted* [...]” (RAE 1973: 344). O emprego de *usted* viuse tamén reducido nalgúns contextos xerárquicos, como nas relacións entre xefe-empregado ou estudante-profesor (Borrego, Gómez Asencio & Pérez Bowie 1978; Alba de Diego & Sánchez Lobato 1980; Aguado Candanedo 1981; Lázaro Carreter 1997; Molina Martos 2002; RAE/ASALE 2009). O aumento do *tuteo* e a consecuente *perda* de *usted* é, pois, unha observación recorrente nos falantes de castelán, que tamén se destaca nas investigacións e gramáticas máis recentes (Molina Martos 2002; Carrasco Santana 2002, RAE/ASALE 2009, 2011; Sampedro Mella 2022b):

El cambiar una persona el tratamiento de *usted* por el de *tú* al dirigirse a otra no era un proceso inmediato o previsible durante el siglo XIX y parte del XX [...] En este periodo era muy habitual que los profesionales o los compañeros que mantenían relación asidua, y hasta relativamente estrecha, se trataran de *usted* a lo largo de toda su vida, a diferencia de lo que resulta normal en la actualidad (RAE/ASALE 2009: 1252).

Se ben moitos castelanfalantes perciben este auxe do *tuteo* como un fenómeno recente ou novidoso (cf. Sampedro Mella 2022b), documéntase xa nas primeiras investigacións e gramáticas, dende finais dos anos 60 en adiante (Fox 1969; Borrego, Gómez Asencio & Pérez Bowie 1978; Alba de Diego & Sánchez Lobato 1980; Aguado Candanedo 1981; Garrido Medina 1992):

El tratamiento con *usted*, una pieza importante todavía en la vida de relación española, ha sufrido algunos retrocesos en lo que va de siglo. Lo ha desalojado en ocasiones, por ejemplo, un *tú* de matiz político. Los jóvenes de sexo diferente hoy se tutean con mucha más holgura que hace medio siglo, en todas las ocasiones, más o menos pasajeras, que se presenten. Las mujeres sin íntima amistad se tutean y se han tuteado siempre con más facilidad que los hombres (RAE 1973: 344)<sup>3</sup>.

---

3. Cómpre salientar que a forma *usted* non aparece no inventario pronominal dunha gramática académica da lingua española ata a publicación da *Gramática descriptiva* (Bosque & Demonte 1999), nos albores do século XX (cf. Sampedro Mella 2021).

O desacougo coa desaparición de *usted* no castelán é aínda máis antigo. Un dos primeiros testemuños atópase na novela *Homage to Catalonia* do escritor británico George Orwell (1938), que amosa a súa sorpresa pola expansión do *tuteo* en Cataluña. Unha década despois, Dámaso Alonso alertaba dramaticamente da perda desta forma nun artigo publicado no *Diario ABC* cun título máis que explícito: “La muerte de *usted*” (1947). Neste artigo, o autor chama a atención sobre a desaparición de *usted*, da que considera responsables os falantes máis novos, pero sobre todo as mulleres, ao igual que o *Esbozo* (1973) na cita anterior. Alonso critica ás mulleres, salientando que son “grandes difundidoras” do *tuteo*, que empregan, xa tendo unha idade, para sentírense máis novas:

Hace veinticinco, treinta años, la mujer vivía “lo que viven las rosas”. Hoy, esas rosas conservan durante mucho más tiempo su encanto [...] [L]a mujer, que ha recibido con el natural júbilo esta prolongación de su vida, tiende a exagerarla un poquito. Pues bien: entre otras formas juveniles, la mujer ha recibido ahora la del tuteo, del que es una gran difundidora. Tras ella va el marido: tampoco deja de halagarle.

Presencio esta escena. Ha surgido la presentación de dos señoras. Estas ¡ay!, están en la última línea de esa prolongación juvenil. Es posible que hace diez años se sintieran ya un poco viejas [...]. Las acaban de presentar. Y oigo, asombrado, estas palabras de una de las venerables niñas: “Encantada de conocerte. Había oído hablar mucho de ti a los X”. ¡*De conocerte!* ¡Y las acaban de presentar! (Alonso 1968 [1947]: 265-266).

O propio autor admite ter empregado a forma *tú* en situacións nas que, segundo el mesmo, resultaba impensable nos anos 20, como cos compañeiros da universidade, con certas amizades con algunhas diferenzas de idade ou rango social, ou con persoas que se acaban de coñecer: “Encuentro en la calle a una de esas compañeras tratadas por mí durante cuatro cursos con toda ceremonia. [...] Sigo mi camino y me doy cuenta de que la he tuteado. Sí, ahora; los dos, casi dos carcamales...” (Alonso 1968 [1947]: 266).

A perda de *usted* foi albo de diferentes artigos en xornais españois a finais do século XX e tamén no XXI. Chama a atención que, nesta época, xa non se sinala ás mulleres como responsables do avance do *tuteo*, senón que o foco se pon, máis ben, na coloquialización dalgúns contextos máis formais e no uso desta FT en situacións xerárquicas ou nas que existen diferenzas sociais entre os interlocutores. O académico Fernando Lázaro Carreter, co seu ton irónico habitual, dedicaba

un artigo á propagación do *tuteo* e á informalidade do castelán na súa columna xornalística “El dardo en la palabra” (1990):

El tuteo, pavorosamente extendido, es una de las manifestaciones más visibles de esa crisis [*de valores*]. Al terminar una de mis últimas clases se me acercó una alumna de fino aspecto; no quiso ofenderme con su pregunta: “¿Has publicado algo sobre esto que nos has dicho?”. Ya era incapaz de entender la diferencia entre nuestros respectivos papeles sociales. No hace mucho, la televisión retransmitió en directo la jornada de un servicio hospitalario de urgencia. Llegaban ambulancias con heridos, taxis con enfermos graves, y acudían a recibirlos enfermeras y enfermeros, con palabras solícitas: “Pero, ¿qué te pasa, hombre?”. “No te apures, mujer, que aquí te pondremos buena”. [...] Si en lugares tan serios se tutea a mansalva, cuánto más en el imperio de la trivialidad. Allá van entrevistadores y entrevistadoras de los audiovisuales expeliendo *tús* como flatos de campechanía, lanzados a diálogo con desconocidos visibles o invisibles, pero fugazmente entrañables, que les corresponden de igual modo (Lázaro Carreter 1997: 550-551 [1990]).

Moi crítico coa expansión do *tuteo*, e cunha visión un tanto clasista, relata outra anécdota que lle contou “con estupor” unha “dama amiga” nos preparativos para unha operación cirúrxica nunha clínica de luxo; cando o enfermeiro se dispuña a afeitarlle a pube ao seu marido, “uno de los más respetables varones de nuestro país”, díxolle o seguinte: “Hala, que te voy a dejar pelado como un niño” (Lázaro Carreter 1997: 550). Para este autor, se ben calquera doente merecería nunha situación *humillante* como esa o trato deferente de *usted*, canto máis pola súa posición social. Parece, non obstante, que con ese comentario e o tratamento de *tú* o enfermeiro só pretendese mostrarse espontáneo e próximo, e así atenuar ese tenso momento.

Máis recentemente, o escritor e académico Javier Marías (2017) publicou tamén un artigo sobre o *tuteo* e a coloquialización do castelán no diario *El País*, a propósito da queixa dun lector, don Ezequiel, molesto co ton de proximidade co que as institucións financeiras se dirixen a el por escrito: “empiezan con un desenfadado ‘Hola’ y siguen con un irrespetuoso tuteo. Cuando el contacto es telefónico, ocurre lo mismo, [...] ¿Cuál será el siguiente paso, tratarme de ‘tronco’, ‘tío’ o ‘colega?’” (Marías 2017: s/p). Marías cuestiona o emprego de formas de proximidade cun valor aparentemente positivo para tratar un interlocutor descoñecido:

Hace ya años que observo cómo completos desconocidos que me escriben para solicitar-me algo no tienen ni idea de cómo deben obrar para conseguir lo que buscan. O al revés, deben de estar convencidos de que el desparpajo y la ausencia de las mínimas formalidades los va a beneficiar y a allanar el camino. Nadie parece haberles enseñado a escribir una carta o *email* en condiciones. No soy tan estirado como para ofenderme porque se me tutee de buenas a primeras (aunque yo trate de usted a todo el mundo de entrada, independientemente de su edad: así llamaba a mis alumnos, quince años más jóvenes que yo, cuando daba clases), ni porque se me encabece una misiva con “Querido Javier” a secas. [...] [E]l tuteo indiscriminado forma ya parte de la actual ortodoxia burguesa biempensante, no menos feroz que la del siglo XIX, prolongado en España hasta 1975 (Marías 2017: s/p).

Os testemuños presentados coinciden en valorar a posible perda de *usted* no castelán cunha certa inqueda. Non existe acordo na bibliografía sobre o período no que se produce verdadeiramente o descenso de *usted* no castelán. Tampouco existe consenso sobre as causas específicas que provocaron esta mudanza na concepción das relacións sociais cara á proximidade. Algúns autores relacionan a diminución de uso de *usted* con feitos históricos como as políticas igualitarias da Segunda República (Hickey & Vázquez Horta 1990; Molina Martos 2002; RAE/ASALE 2009) ou a fin da Segunda Guerra Mundial (Alba de Diego & Sánchez Lobato 1980). Outros falan dunha mudanza social, vencellada á preferencia polas formas de igualdade que se xestaría dende finais do século XIX (Molina Martos 2002) ata consolidarse co fin da ditadura franquista e a democratización das relacións humanas (Aguado Candanedo 1981). Actualmente, a expansión da solidariedade, evidenciada na xeneralización do *tuteo* e doutras formas de proximidade en distintos ámbitos, está fóra de toda dúbida; así a todo, os estudos actuais mostran que a forma *usted* do castelán aínda continúa plenamente vixente en situacións de uso marcadas (Sampedro Mella 2016, 2022a).

#### 4.2. *Você* no portugués europeo

Como se adiantou, o pronome *você* presenta distintos valores no PE: ademais de ser unha FT neutra, cortés ou intermedia entre T e V, tamén se considera pexorativa. Non parece haber consenso na bibliografía sobre as causas ou o período no que *você* adquiriu connotacións negativas, nin sobre a distribución xeolectal ou

de usos pragmáticos desta FT e, por razóns de espazo, non é posible mencionar todas as hipóteses. Algúns estudos (Faraco 2017 [1996]; Hammermüller 2020) sinalan que “[a] marca negativa que acompaña *você* em algumas regiões rurais de Portugal [...] sugere que essa forma deve ter tido uma origem urbana, possivelmente no estilo mais informal da pequena burguesia” (Faraco 2017 [1996]: 121). Non obstante, autores como Hummel (2019: 52-53) non concordan con esta hipótese, pois existen en PE varios ditos populares como “você na minha terra é um burro” ou “você é estrebaria”<sup>4</sup>, que non parecen facer alusión a unha FT propia dos falantes urbanos.

Sobre a orixe destas expresións, tampouco existen datos concretos. Na Ciberdúvidas, un espazo dixital no que lingüistas responden dúbidas sobre a lingua portuguesa, indícase que “[...] parece plausível que *você* fosse usado com serviços, entre os quais se incluiriam, por exemplo, moços de estrebaria, que tinham um trabalho rude”. Por tanto, a utilización deste pronome, propio dos cortellos, noutros contextos non resultaría axeitado e, de feito, na mesma entrada conclúese que, a pesar dos usos cortesés ou intermediarios desta FT, “o tratamento por *você* não é recomendável, pois é mais usado por quem só sabe lidar com animais” (Ciberdúvidas 2013: s/p).

O uso de *você* é completamente diferente no portugués do Brasil contemporáneo, onde está estendido a situacións de T e V, o que dá lugar a frecuentes malentendidos entre os falantes dos dous países. O escritor e xornalista brasileiro Lira Neto explica algúns dos problemas que sufriu por utilizar este pronome en Portugal nun artigo publicado no *Diário do Nordeste* cun título ben claro: “Por que é melhor não tratar ninguém por *você* em Portugal”.

“Qual carne você recomenda para uma boa sopa?”, perguntei certa vez, em tom cordial, ao balconista do “talho” (o açougue, por aqui [a *carnicería*, en galego]), que me mandou uma cara de espanto, os olhos arregalados [*como pratos*], antes que eu conseguisse terminar a frase.

“Por favor, você sabe para qual lado fica o Jardim da Cordoaria?”, indaguei de outra feita, na rua, a uma “rapariga” (uma moça, por cá), que ato contínuo me virou o rosto e saiu andando, deixando-me sem resposta (Neto 2021: s/p).

---

4. Esta expresión podería traducirse en galego como “você é para as cortes [dos cabalos]”.

O uso das FT no PE, particularmente do pronome *você*, ten sido obxecto de reflexións por parte de escritores, xornalistas e lingüistas. Seara (2017) recolle unha escolma de artigos nos que se critica a crecente informalidade que está a acadar a lingua portuguesa, xunto co abundante emprego do pronome *você*. Entre outros atopamos un editorial da escritora e xornalista Alice Vieira, publicado no *Jornal de Notícias*:

Cada país (cada língua, cada cultura) tem a sua maneira específica de se dirigir às pessoas. Mal passamos Vilar Formoso, logo toda a gente se trata por tu, que os espanhóis não são de etiquetas nem de salamaleques [*reverencias*]. Mas nós não somos espanhóis. Também não somos mexicanos, que se tratam por “Licenciado” Fulano. [...] [Irrita-me] quando vejo/oioço um jornalista tratar por você alguém com o dobro da idade dele. É uma questão de delicadeza. De respeito. E de saber falar português. Três coisas-admito-completamente fora de moda (Vieira 2008: s/p).

Seara (2017) achega testemuños semellantes dos xornalistas Miguel Esteves Cardoso e Paula Moura Pinheiro, nos que se salienta a falta de delicadeza e grosería no uso explícito de *você*. A este respecto, en 2006, a lingüista Isabel Hub Faria, catedrática da Universidade de Lisboa, enviou unha carta aberta ao diario *Público* na que lle pedía á *Ministra de Educação* que incorporase nos contidos do ensino básico o uso das FT, alén doutras funcións elementais como pedir a palabra ou presentarse oralmente: “[...] ainda estou lembrada de uma faixa [*pancarta*] que uma associação de estudantes do ensino superior tinha pendurado à porta da escola, por altura de uma visita do Presidente da República, e que começava assim: «Exmo Senhor Presidente, você não sabe que...?»”. A interpretación de *você* como FT descortés é relativamente frecuente en Portugal, onde tamén convive coa forma de cortesía, polo que a súa utilización pode chegar a ser motivo de disputa. A modo de exemplo, inclúese a seguir un intercambio de comentarios tirados dunha entrada de moda do blog *A pipoca mais doce*, da xornalista Ana Garcia Martins. Neste caso, no canto de valorar a roupa, cuestiónase o tratamento de *você* dun dos comentarios:

- [...] Ah e **como você própria disse**, não é por existirem que temos que ter sempre as mãos lá metidas... nos bolsos :) (14/06/2017 13:25 h)

- **Tratar as persoas por “você” é tão... derrrr,blhecc**, deve tratar-se quem não nos é íntimo pela terceira pessoa como é óbvio, mas, **“a Ana... ou “a Pipoca”, o “você” não de todo!** (14/06/2017 15:52 h)
- Concorro plenamente **“você na minha terra é um burro”** (14/06/2017 17:19 h)
- **Diria que a comentadora inicial é brasileira**, pelo menos, pela forma de escrever. **E assim sendo, faz sentido ter tratado a Pipoca por “você”**. Não sejam tão duras. (14/06/2017 18 h)
- Não parece de todo que a autora seja brasileira... os brasileiros não redigem com aquelas frases, expressões e afirmações [sic]! (14/06/2017 20:48 h)
- Por amor da Santa... **você e vós são formas de tratamento bem comuns na terra onde vivo** - e eu vim para aqui viver, mas sou de Lisboa.  
Portanto, ao invés de tanta crítica, **pensai um bocadinho que Portugal não se resume ao sítio onde vocês vivem nem como vocês falam**.  
De nada! (15/06/2017 06:15 h)  
[...]
- **O você deve ser só isso mesmo, implícito. Tratar uma pessoa por você explícito é mesmo falta de educação**. Pergunta-se “a Ana vai?” Nunca “você vai?” (16/06/2017 13:55 h)

Chama a atención a barallada tras o uso de *você*, que non parece ser empregado cun valor pexorativo, pero así é percibido por varias persoas<sup>5</sup>. O uso de *você* é corrixido case de inmediato por dúas persoas: a primeira sinala que se debe tratar unha persoa que non é íntima *pela terceira persoa como é óbvio*, ao que a seguinte engade a expresión xa referida *você na minha terra é um burro*. Tras estes dous comentarios tan críticos, unha terceira persoa xustifica o emprego de *você* no feito de que a comentadora sexa brasileira, afirmación negada no seguinte comentario. Por último, alguén sinala que *você* non é incorrecto no PE: *você e vós são formas de tratamento bem comuns na terra onde vivo*; de feito, esta persoa trata por *vós* e por *vocês* as demais ([*vós*] *pensai*, *vocês falam*). Aínda que non se reproduciron todos os comentarios, o intercambio continúa e a derradeira resposta é unha lección de usos: *O você deve ser só isso mesmo, implícito. Tratar uma pessoa por você explícito é mesmo falta de educação. Pergunta-se “a Ana vai?” Nunca “você vai?”*.

5. Por se tratar de comentarios anónimos, non é posible determinar cantas persoas comentan ou o seu perfil sociolingüístico; agora ben, atendendo ás desinencias femininas nas respostas parece que son mulleres.

Este intercambio ilustra a maneira en que moitos falantes portugueses perciben o pronome *você* como unha forma ruda, cuxa utilización pode supoñer unha falta de educación, sendo ao mesmo tempo aceptada como FT válida nalgunhas zonas do país. A diferenza dos testemuños expostos para o castelán, no PE critícase o uso cortés deste pronome polos valores despectivos que tamén presenta. Guilherme e Lara Bermejo (2015) observan, a partir de dous corpus diacrónicos, que *você* case non se emprega de xeito explícito. En canto aos falantes que si o utilizan, malia que non son moitos, o maior número encóntrase en áreas meridionais (Portalegre, Évora e Beja) e do centro-norte no país (Covo e Aveiro) (Guilherme & Lara Bermejo 2015: 174). Con datos máis contemporáneos, Marques e Duarte (2023b) obteñen un resultado semellante na análise do corpus de entrevistas *Perfil Sociolingüístico da Fala Bracarense*<sup>6</sup>, así como Sampedro Mella e Uruburu Rodríguez (2023) con cuestionarios de uso. Nestes estudos, confírmase que a proximidade é expresada a través da forma *tu* e a deferencia coas formas nominais, evitándose o emprego de *você* co chamado *tratamento zero*.

## 5. ANÁLISE COMPARATIVA DE CRENZAS SOBRE *USTED/VOCÊ*

Os testemuños públicos examinados en §4 insisten, con certo drama, na desaparición do *usted* do castelán, e que o uso explícito do pronome *você* no PE debería ser evitado sen excepción. Tendo en conta estas dúas observacións, nesta sección analízanse algunhas reflexións dos falantes de castelán e PE sobre *usted/você*. Para iso, expóñense os resultados dun cuestionario de crenzas realizado por 324 informantes: 177 castelanfalantes das provincias de Salamanca, Zamora, Ávila e Valladolid, en Castela e León; e 147 lusófonos dos distritos de Viseu, Porto, Coimbra e Lisboa. Os datos foron recollidos por escrito nas universidades de Salamanca, Coimbra e Lisboa, polo que todos os enquisados teñen en común ser estudantes universitarios, con idades entre os 18 e os 24 anos. En canto ao sexo, o 68,2 % da mostra está constituída por mulleres e o 31,8 % por varóns.

A enquisa completa contiña unha primeira parte con situacións de uso como *Faltaches ao traballo porque estás enfermola. Pídelle ao médico que te atendeu no hospital que che asine un xustificante*. Os falantes respondían libremente sen coñecer o obxecto da investigación (véxase Sampedro Mella 2016 para o castelán, e

6. <https://sites.google.com/site/proyectofalabracarense/>

Sampedro Mella & Uruburu Rodríguez 2023 para o PE). A segunda parte, que se presenta aquí, indagaba nas crenzas dos falantes sobre o uso das FT, en particular, sobre *usted/você*.

Unha das crenzas comúns máis repetidas polos enquisados é que case non utilizan as FT *usted/você* fronte ao que acontecía antigamente, xa que aseguran que os seus familiares maiores si adoitan empregalas; ademais, segundo eles, na actualidade estas FT encóntranse en desuso (ex. 1-2, na táboa 2)<sup>7</sup>:

| 1) Castelán                                                                                                                                                                                          | 2) Portugués Europeo                                                                                                                                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a. Me parece que [ <i>usted</i> ] ya no lo utiliza casi nadie, y es raro para mí tratar de usted a alguien (M-20-Salamanca) <sup>8</sup> .                                                           | a. <i>Você</i> é algo que entrou em desuso. É rude e considerado má educación. Usa-se mais o 'o senhor', etc. (M-20-Lisboa).                           |
| b. Mis abuelos usan <i>usted</i> y también se usa en Hispanoamérica, pero creo que a día de hoy se ha perdido en España (M-19-Zamora).                                                               | b. O <i>você</i> é algo que soa mais antigo. É uma forma antiga de tratar quase toda a gente. É algo que a minha avó faz (V-20-Coimbra).               |
| c. Nunca utilizo <i>usted</i> . Creo que ya no tenemos la misma educación de antes. Mis padres tratan de usted a gente a la que a mí no se me ocurriría nunca, como sus propios padres (M-21-Ávila). | c. No português europeu não é habitual o uso de <i>você</i> . Talvez em algumas zonas do país, mas é considerada uma forma menos culta (M-19-Coimbra). |
|                                                                                                                                                                                                      | d. O <i>você</i> está associado a ambientes mais rústicos e menos instruídos, geralmente aldeias. Não é muito usado (M-21-Viseu).                      |

Táboa 2. Comparación das crenzas (i)

Numerosos enquisados aseguran que, en España, a FT *usted* case non se emprega (*ya no lo utiliza casi nadie*, ex. 1a) e incluso que xa desapareceu da lingua: [...] *creo que a día de hoy se ha perdido en España* (ex. 1b). Como se sinalou, a crenza sobre a desaparición de *usted* no castelán non é recente nin novidosa, senón que se documenta xa nos anos 30 e 40 do século xx, e é referida nas primeiras investigacións e gramáticas, fai máis de 50 anos (Fox 1969; RAE 1973; Borrego, Gómez Asencio & Pérez Bowie 1978; Alba de Diego & Sánchez Lobato 1980; Aguado Candanedo 1981). Por outra banda, os enquisados afirman que case non empregan *usted* (*es raro para mí tratar de usted a alguien*, ex. 1a), a diferenza dos seus pais e avós, malia que isto non implica que tamén o fixesen cando eran máis novos: *Mis*

7. Cómpre lembrar que as razóns que explican este suposto desuso de *usted/você* son distintas en ámbalas linguas e que, se ben no castelán o emprego de *usted* abrangue os usos formais e deferentes propios das formas V, no PE é só a palabra *você* a que presenta connotacións negativas, mais non o resto do paradigma da terceira persoa.

8. O código identifica o sexo dos enquisados (V-Varón, M-Muller), a súa idade e procedencia.

*abuelos usan usted* (1b), *Mis padres tratan de usted a gente a la que a mí no se me ocurriría nunca* (1c). Así mesmo, sinalan que a perda desta forma é un indicio de falta de educación nos falantes máis novos: *Creo que ya no tenemos la misma educación de antes* (1c). A pesar destas observacións, ao comparar as crenzas dos enquisados coa súa propia actuación no cuestionario de usos (Sampedro Mella 2016), compróbase que si utilizan a forma *usted*, e incluso máis que o *tuteo*, en situacións marcadas: con persoas maiores, de status alto, en contextos formais ou xerárquicos etc.

No caso do PE, os informantes tamén consideran que *você* está en desuso: *Você é algo que entrou em desuso* (2a), *No português europeu não é habitual* (2b), *Não é muito usado* (2c). Ademais, sinalan que é unha FT antiga utilizada con valor cortés: *É uma forma antiga de tratar quase toda a gente. É algo que a minha avó faz* (ex. 2b),  *Talvez em algumas zonas do país* (ex. 2c). Non está claro cando se deixou de empregar esta FT con valor cortés ou en que zonas de Portugal aínda se utiliza con este valor. Así e todo, os enquisados móstranse categóricos, ao igual que acontecía nos testemuños públicos presentados en §4.2, xa que sinalan que o uso explícito deste pronome debe ser evitado por ser *rude e considerado má educación* (ex. 2a), e *uma forma menos culta* (ex. 2c). Un resultado semellante obteñen Duarte e Marques (2023a: 283) no seu estudo baseado en enquisas de crenzas distribuídas en liña: “[...] more than 40 % EP speakers think it might be an offensive form of address”. Parece, pois, existir unha opinión común bastante xeneralizada de que o pronome *você* ten un valor despectivo e, por tanto, debe ser evitado; de feito, os propios enquisados afirman non utilizalo:

- 3) a. Pessoalmente a palavra em si “você” é uma palavra que não gosto de usar (M-20-Lisboa).
- b. Não uso esse pronome porque acho feio. Normalmente trato as pessoas pelo seu nome com *senhor* ou *senhora* atrás (M-23-Oliveira de Azeméis).
- c. Trato por você mas não digo *você* (V-19-Viseu).

A diferenza do castelán, ao comparar os resultados deste cuestionario de crenzas co de usos, si se observa que os informantes portugueses evitan realmente utilizar o pronome *você*, “cujo resultado nem chega ao 1 % do total (0,4 %), já que apenas aparece em 14 respostas de um total de 3130” (Sampedro Mella & Uruburu Rodríguez 2023: 82).

Os enquisados tamén subliñan o feito de poder *ofender* alguén polo uso de *usted/você*, o que os leva a evitar as formas V, no caso do castelán, e o pronome *você* (exemplos 4-5, na táboa 3):

| 4) Castelán                                                                                                                                                        | 5) Portugués Europeo                                                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a. Con <i>usted</i> tengo la duda de si la persona se sentirá ofendida, sobre todo si es una mujer y que pueda pensar que la estoy llamando “vieja” (M-21-Zamora). | a. Por vezes as pessoas a quem temos mais respeito ofendem-se se as tratarmos por você (M-22-Leiria).                                                                 |
| b. En caso de duda, no uso <i>usted</i> por si alguien se ofende (V-20-Ávila).                                                                                     | b. Prefiro que me tratem empregando a 3.ª persoa do verbo, nunca dizendo “você” que acho ofensivo a um falante de português europeu (M-19-Figueira da Foz).           |
| c. Con personas de mediana edad puede resultar una ofensa (M-19-Zamora).                                                                                           | c. Várias vezes duvidei, pois não sabia se havia de tratar uma pessoa por você ou se isso se tornaria uma ofensa. Acabei por usar a 3.ª pessoa do verbo (M-21-Viseu). |
| d. Con gente de más de 50 años siempre uso <i>usted</i> , pero me asalta la duda de si no se sentirán ofendidos (M-21-Salamanca).                                  |                                                                                                                                                                       |

Táboa 3. Comparación das crenzas (ii)

Os castelanfalantes insisten na posibilidade de que alguén se ofenda por ser tratado de *usted*, en particular as persoas de mediana idade ou as mulleres, algo que, como se viu en §4.1, xa advertía Dámaso Alonso nos anos 40 do pasado século: *Con usted tengo la duda de si la persona se sentirá ofendida, sobre todo si es una mujer y que pueda pensar que la estoy llamando “vieja”* (ex. 4a), *Con personas de mediana edad puede resultar una ofensa* (ex. 4c). Isto obedece ao feito de que sexa a idade do interlocutor o factor máis importante na escolla das FT no castelán, e non o descoñecemento, a falta de confianza ou a formalidade da situación. Como resultado, o uso da forma V pode provocar un dilema do que os falantes son conscientes: por unha banda, o *tuteo* pode non ser adecuado en certos contextos pola súa excesiva proximidade, tal e como refería o escritor Javier Marías (cf. §4.1); por outra banda, o emprego de *usted* pode asociarse á vellez do interlocutor ou amosar un distanciamento marcado, considerado negativo na cultura española (cf. Bravo 1999). Algúns dos informantes sinalan o conflito que supón escoller o tratamento procurando ser cortés e ao mesmo tempo facer sentir ben o interlocutor:

- 6) a. A veces tienes que ser adivino para saber si tratar de tú o de usted a alguien (V-22-Valladolid).

- b. A algunas personas les gusta ser tratadas de tú y otras prefieren de usted ¿? (M-Ciudad Rodrigo-20).
- c. Me preocupa tratar de usted a alguien mayor por si se lo toma mal, pero luego te dice que eres maleducado por no hacerlo (M-Salamanca-21).

No PE tamén se fala da *ofensa* que pode implicar o tratamento por *você*: *Por vezes as pessoas a quem temos mais respeito ofendem-se se as tratarmos por você* (ex. 5a), [...] *acho ofensivo a um falante de português europeu* (ex. 5b). Como xa se sinalou, as razóns, neste caso, son diferentes: se ben para algúns falantes maiores e de zonas meridionais e do centro-norte de Portugal o uso explícito de *você* constitúe unha FT cortés, o valor pexorativo que tamén presenta implica que poida resultar ofensivo: *não sabia se havia de tratar uma pessoa por você ou se isso se tornaria uma ofensa* (ex. 5c).

A comparación das crenzas dos falantes de castelán e de PE indica que, tanto *usted* como o pronome explícito *você*, parecen ser formas estigmatizadas polos propios falantes que afirman evitar utilízalas, o que podería apuntar cara a unha mudanza de usos a tempo real nas dúas linguas. Os castelanfalantes xulgan que o emprego de *usted* pode ser interpretado como un sinal de vellez ou de distanciamento excesivo que pode facer sentir mal o interlocutor, o que os leva a non usalo, mais, ao mesmo tempo consideran que a súa desaparición é un sinal de mala educación, como os testemuños dos escritores vistos en §4.1. Porén, no PE é a palabra *você* a que pode resultar despectiva, malia que tamén se empregue con valor cortés. Por tanto, moitas persoas evitan dicila usando só as desinencias e clíticos de terceira persoa (*tratamento zero*): *trato por você mas não digo você* (ex. 3c). En síntese, as razóns polas que os enquisados dubidan coa selección do tratamento e polas que evitan utilizar as formas *usted/você* son moi diferentes nas dúas linguas e constitúen unha mostra da complexidade no manexo dun sistema de tratamentos con varias formas.

## 6. REFLEXIÓNS FINAIS

O obxectivo deste capítulo era amosar un panorama comparativo das FT no castelán e no PE, con especial atención ás formas *usted/você* que, por razóns moi diferentes, son evitadas por numerosos falantes das dúas linguas, e xa foron albo

de reflexións e críticas públicas tanto por lingüistas, escritores, xornalistas e académicos, como polos propios falantes. Tras un percorrido diacrónico, obsérvase que, malia que os sistemas de tratamento nas dúas linguas foron orixinalmente equivalentes e a súa evolución histórica correu en paralelo, a finais do século XVIII os usos pragmáticos comezaron a diverxer coa incorporación das fórmulas nominais precedidas de artigo no PE. Nesta lingua mantivéronse os usos conservadores, que se evidencian na preferencia por formas V e na limitación das formas T ao ámbito da intimidade. Porén, no castelán, o emprego de T, alén de funcionar nas relacións próximas, propagouse a outros contextos, o que deu como resultado unha nova concepción máis simétrica das relacións sociais.

Na actualidade, os sistemas de tratamento do castelán e do PE difiren, tanto na súa configuración (diádico *vs.* triádico) como nos usos pragmáticos de cada FT, polo que non resultan equivalentes. No castelán, a FT non marcada é *tú* (T), e *usted*, xunto co paradigma da terceira persoa, concentra os valores de cortesía e deferencia propios das formas V. No PE, a forma non marcada é a terceira persoa dos clíticos e as desinencias verbais, e os usos V son expresados polas fórmulas nominais construídas co artigo (*o senhor/a senhora*) e a terceira persoa; a forma explícita *você*, aínda que presenta valores cortesés nalgúns rexións do país, tamén é considerada unha forma xerárquica e despectiva de tratar o interlocutor.

A pesar destas diferenzas, a análise de crenzas amosa algunhas percepcións comúns entre os falantes de castelán e de PE: a consideración de *usted* e *você* como formas ofensivas e en desuso, coa consecuente desaparición en cadansúa lingua. As razóns que motivan estas crenzas son moi diferentes. No castelán o factor máis influínte na escolla de *usted* é a idade maior dos interlocutores, polo que estes poderían percibir o tratamento de *usted* como sinal dunha vellez non desexada ou dun distanciamento excesivo, o que leva a moitos falantes a evitar utilizalo. No PE, a ofensa dos interlocutores sería debida ao uso explícito do pronome *você*, polas súas connotacións negativas de FT despectiva.

A análise de testemuños públicos de escritores, xornalistas e lingüistas amosa outras diferenzas nas percepcións sobre o uso de *usted/você*: se ben existe unha inquietude pola suposta perda de *usted* dende fai case 100 anos e a coloquialización derivada da expansión do *tuteo*, no PE insístese en que non se empregue o tratamento por *você* por resultar inadecuado e pexorativo. Nas enquisas de crenzas, os informantes afirman non usar ningunha destas formas, mais ao comparar estas

crenzas cos usos efectivos das FT, compróbase que os castelanfalantes si utilizan o tratamento *usted* en situacións de uso marcadas, mentres que os portugueses evitan realmente o pronome *você* explícito, mediante o emprego de fórmulas nominais ou do *tratamento zero*.

Para concluír, cómpre sinalar que este capítulo representa só unha pequena mostra das grandes diferenzas na expresión do tratamento entre dúas linguas románicas contiguas. Os datos analizados neste estudo foron tomados de testemuños públicos e de enquisas de crenzas realizadas por falantes de castelán e PE, co obxectivo de ilustrar as distintas percepcións sobre un mesmo asunto lingüístico. Así pois, os resultados presentados deberían ser completados e contrastados con datos de uso reais en futuras investigacións.

## AGRADECEMENTOS

Esta publicación forma parte do proxecto *Personal and non-personal forms of address in three contiguous Romance languages: sociolinguistic approach and gender implications* (DE-PERSONAlisation), financiado a través dunha acción Marie Skłodowska-Curie (MSCA) do Programa Horizon Europe (ID: 101149488).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alba de Diego, Vidal & Jesús Sánchez Lobato. 1980. Tratamiento y juventud en la lengua hablada. Aspectos sociolingüísticos. *Boletín de la Real Academia Española* 21, 165-184.
- Aguado Candanedo, David. 1981. Análisis sociolingüístico del uso de *tú* / *usted* en los estudiantes universitarios de Bilbao. *Letras de Deusto* 21, 165-184.
- Alonso, Dámaso. 1968 [1947]. La muerte del usted. En *Del Siglo de Oro a este siglo de siglas*. Madrid: Gredos.
- Bacelar do Nascimento, Maria Fernanda. 2020. Formas de tratamento. En Eduardo Paiva Raposo, Maria Fernanda Bacelar do Nascimento, Maria Antónia Coelho da Mota, Luísa Segua & Amália Mendes (coords.), *Gramática do português*. 2701-2777. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Bazenga, Aline. 2022. Formas de tratamento de segunda pessoa do singular em português: Representações e crenças de falantes madeirenses. *Arquivo Histórico da Madeira* 4, 465-499.
- Borrego Nieto, Julio, José Gómez Asencio & José Antonio Pérez Bowie. 1978. Sobre el *tú* y el *usted*. *Studia Philologia Salamanticensia* 2, 53-67.
- Bosque, Ignacio & Violeta Demonte (dirs.) 1999. *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe.
- Bravo, Diana. 1999. ¿Imagen positiva vs. imagen negativa?: pragmática socio-cultural y componentes de *face*. *Oralia* 2, 155-184.
- Brown, Roger & Albert Gilman. 1960. The Pronouns of Power and Solidarity. En Albert Sebeok (ed.), *Style in language*. 253-276. Cambridge: Mit Press.
- Calderón Campos, Miguel. 2003. Fórmulas de tratamiento en las cartas del conde de Tendilla 1504-1506. *Tonos digital* 5. <https://www.um.es/tonosdigital/znum5/estudios/C-Tendilla.htm>. [24/03/2025].
- Carrasco Santana, Antonio. 2002. *Los tratamientos en el español*. Salamanca: Ediciones Colegio de España.
- Cintra, Luís Filipe Lindley. 1972. *Formas de tratamento na língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Ciberdúvidas da Língua Portuguesa. En líña. <https://ciberduvidas.iscte-iul.pt/consultorio/perguntas/a-expressao-voce-e-estrebria/32198>. [24/03/2025].
- Cook, Manuela. 1997. Uma teoria de interpretação das formas de tratamento na língua portuguesa. *Hispania* 80(3), 451-464.
- Davies, Mark & Michael Ferreira. 2006. *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s*. <http://www.corpusdoportugues.org>. [24/03/2025].
- De Jonge, Bob & Dorien Nieuwenhuijsen. 2006. Formación del paradigma pronominal de las formas de tratamiento. En Concepción Company Company (dir.), *Sintaxis histórica de la lengua española*. 1595-1671. México: UNAM.
- De Oliveira, Sandi Michele. 1985. *A model of Address form negotiation: a sociolinguistic study of continental Portuguese*. Tese de Doutorado. University of Texas.
- Duarte, Isabel & Maria Aldina Marques. 2023a. *Vós* and other pronominal forms of address *tu, você, vocês*. Speakers' perceptions of Brazilian and European Portuguese. En Nicole Baumgarten & Roel Vismans (eds.), *It's different with you. Contrastive perspectives on address research*. 272-293. Amsterdam: John Benjamins.
- Duarte, Isabel & Maria Aldina Marques. 2023b. Referring to discourse participants in European Portuguese: The form of address *o senhor*. En Pekka Posio & Peter Herbeck (eds.), *Referring to discourse participants in Ibero-Romance languages*. 273-306. Berlin: Language Science Press.

- Faraco, Carlos. 2017 [1996]. O tratamento *você* em português: uma abordagem histórica. *Labor Histórico* 32, 114-132.
- Faria, Isabel Hub. 2006. Exmo Senhor Presidente, você não sabe que...? *Diário Público*. [22/03/2025]. <https://www.publico.pt/2006/01/18/jornal/exmo-senhor-presidente-voce-nao-sabe-que-58899>.
- Faria, Rita. 2009. *O Fenómeno da Delicadeza Linguística em Português e em Inglês*. Lisboa: Universidade Católica Portuguesa. [Tese de doutoramento inédita].
- Fox, Donald. 1969. The pronouns of address in Spanish. En Alexandru Graur (dir.), *Actes du X Congrès international des Linguistes*. 685-693. Bucarest: Académie de la République Socialiste de Roumanie.
- Garcia Martins, Ana. 2017. *A pipoca mais doce*. Comentários tirados da entrada “Hoje deu-me para isto #403: especial Zaxy”. <http://apipocamaisdoce.sapo.pt/2017/06/hoje-deu-me-para-isto-403-especial-zaxy.html>. [22/03/2025].
- Gouveia, Carlos. 2008. As dimensões da mudança no uso das formas de tratamento em Português Europeu. En Isabel Duarte & Fátima Oliveira (orgs.), *O Fascínio da Linguagem: Actas do Colóquio de Homenagem a Fernanda Irene Fonseca*. 91-100. Porto: Universidade do Porto.
- Guilherme, Ana & Víctor Lara Bermejo. 2015. Quão cortês é você? O pronome de tratamento você em Português Europeu. *Labor Histórico, Rio de Janeiro* 1(2), 167-180. <https://doi.org/10.24206/lh.v1i2.4801>.
- Hammermüller, Gunther. 1993. *Die Anrede im Portugiesischen. Eine sociolinguistische Untersuchung zu Anredekonventionen des gegenwärtigen europäischen Portugiesisch*. Chemitz: Nov Nver Verlag.
- Hammermüller, Gunther. 2020. Retracing the historical evolution of the Portuguese address pronoun você using synchronic variationist data. En Martin Hummel & Célia Regina dos Santos (eds.), *Studies in Diachrony and Diachronic Reconstruction*. 251-289. Berlin: De Gruyter. <https://doi.org/10.1515/9783110701234-008>.
- Hickey, Leo & Ignacio Vázquez Orta. 1990. El empleo de *tú* y *usted* en el discurso publicpropagandístico. *Revista Española de Lingüística Aplicada* 6, 73-82.
- Hummel, Martin. 2019. A expansão diacrônica de pt. *vossa mercê* > *você* e esp. *vuestra merced* > *usted*. *Working Papers em Linguística* 202, 24-59. <https://doi.org/10.5007/1984-8420.2019v20n2p24>.
- Lara Bermejo, Víctor. 2021. The Diachrony of Pronouns of Address in 20th-Century European Portuguese. *Studies in Hispanic and Lusophone Linguistics* 14(1), 39-79. <https://www.degruyter.com/document/doi/10.1515/shll-2021-2040/html>.
- Lázaro Carreter, Fernando. 1997. El tuteo. En *El dardo en la palabra*. 549-551. Barcelona: Galaxia Gutenberg.
- Lešková, Jana. 2012. *As formas de tratamento em Português Europeu*. Olomouc: Univerzita Palackého v Olomouci. [Tese de Licenciatura inédita].
- Marcotúlio, Leonardo. 2015. Sobre la génesis de *vossa mercê* en el portugués medieval. *Linguística* 31(1), 61-79.
- Marías, Javier. 2017. La nueva burguesia biempensante. *El País*. [https://elpais.com/elpais/2017/05/28/eps/1495922713\\_149592.html](https://elpais.com/elpais/2017/05/28/eps/1495922713_149592.html). [22/03/2025].
- Marques, Maria Aldina. 2010. Formas de tratamento e construção da relação interpessoal em Contos da Montanha de Miguel de Torga. *Revista Galega de Filoxía* 11, 61-78. <https://doi.org/10.17979/rgf.2010.11.0.3863>.

- Marques, Maria Aldina. 2016. Todos os rios vão dar a marçõ. O movimento dos indignados e a construção de um ethos coletivo. En Zilda Aquino & Paulo Roberto Gonçalves-Segundo (eds.), *Estudos do discurso: caminhos e tendências*. 7-24. São Paulo: Editorial Paulistana.
- Marques, Maria Aldina & Isabel Margarida Duarte. 2019. Formas de tratamento e preservação da face em interações verbais online. *Revista da Associação Portuguesa de Linguística* 5, 236-249. <https://doi.org/10.26334/2183-9077/rapln5ano2019a17>.
- Molina Martos, Isabel. 2002. Evolución de las fórmulas de tratamiento en la juventud madrileña a lo largo del siglo XX: un estudio en tiempo real. En Félix Rodríguez González (coord.), *El lenguaje de los jóvenes*. 97-121. Madrid: Ariel.
- Molina Martos, Isabel. 2020. Linguistic change and social transformation. The spread of tuteo in Restoration Spain and the Second Republic 1875-1939. En Martin Hummel & Célia Regina dos Santos (eds.), *Studies in Diachrony and Diachronic Reconstruction*. 443-478. Berlin: De Gruyter.
- Neto, Lira. 2021. Por que é melhor não tratar ninguém por você em Portugal. *Diário do Nordeste*. [29/01/2025]. <https://diariodonordeste.verdesmares.com.br/opiniaao/colunistas/lira-neto/por-que-e-melhor-nao-tratar-ninguem-por-voce-em-portugal-1.3094994>.
- Orwell, George. 1938. *Homage to Catalonia*. London: Secker & Warburg.
- Raposo, Eduardo Buzaglo Paiva, Maria Fernanda Bacelar do Nascimento, Maria Antónia Coelho da Mota, Luísa Segura & Amália Mendes. 2020. *Gramática do português*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- RAE 1973 = Real Academia Española. 1973. *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe.
- RAE = Real Academia Española: Banco de datos CORDE. En línea. *Corpus Diacrónico del Español*: <https://corpus.rae.es/cordenet.html>. [29/01/2025].
- RAE/ASALE 2009 = Real Academia Española & Asociación de Academias de la Lengua Española. 2009. *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa Libros.
- RAE/ASALE 2011 = Real Academia Española & Asociación de Academias de la Lengua Española. 2011. *Nueva gramática básica de la lengua española*. Madrid: Espasa Libros.
- Sampedro Mella, María. 2016. *Las formas de tratamiento del español centro-norte peninsular. Estudio sociolingüístico*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Sampedro Mella, María. 2019. Variación en la cortesía en la expresión de la petición en el español castellano y el portugués europeo. *Textos en proceso. Revista de Lengua y Lingüística del Español* 51, 53-73.
- Sampedro Mella, María. 2021. Las formas de tratamiento en la tradición académica del español. *Anuario de Letras. Lingüística y Filología* 9, 105-132.
- Sampedro Mella, María. 2022a. “Usted podía dejar la lancha donde te diera la gana”. Sobre la alternancia de las formas de tratamiento en el español centro-norte peninsular. *Oralia* 25(1), 135-162. <https://doi.org/10.25115/oralia.v25i1.8391>.
- Sampedro Mella, María. 2022b. Deixis social y creencias de uso: perspectivas de la juventud española. En Laura Mariottini & Mónica Palmerini (eds.), *Estudios de lingüística hispánica. Teorías, Datos, Contextos y Aplicaciones*. 884-902. Madrid: Dykinson.
- Sampedro Mella, María. 2024. De acuchillar por un *vos* (1579) a disculparnos por un *usted* (2014): panorámica del tratamiento en el mundo hispánico. En Gonzalo Francisco Sánchez *et al.* (eds.), *Variedades del español, aproximaciones desde la sociolingüística, la pragmática, la traducción y la interpretación*. 44-59. Leiden: Brill, Foro Hispánico.

- Sampedro Mella, María & Miren Begoña Uruburu Rodríguez. 2023. Aproximação sociolinguística às formas de tratamento no português europeu. *Iberoromania* 97(1), 74-93. <https://doi.org/10.1515/iber-2023-2008>.
- Seara, Isabel. 2017. Você é estrebaria ou você é finese? A polarização e os diferentes valores de 'você'. *VI Simpósio Mundial de Estudos da Língua Portuguesa*. Instituto Politécnico de Santarém. [Relatório oral].
- Shishida, Michiyasu. 2009. *Estudio diacrónico y contrastivo de los pronombres de cortesía en español con referencias al portugués*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá. [Tese de doutoramento inédita].
- Thomé-Williams, Ana. 2004. Sociolinguistic aspects of forms of Address in Portugal and Brasil: *Tu* or *Você*. *Intercultural Communication Studies* 13(3), 85-99.
- Vázquez Cuesta, Pilar & M. Albertina Mendes da Luz. 1971. *Gramática portuguesa*. Madrid: Gredos.
- Vieira, Alice. 2008. Senhoras donas, por favor! *Jornal de Notícias*. <https://www.jn.pt/opiniao/alice-vieira/senhoras-donas-por-favor-1018968.html/amp/>. [22/03/2025].
- Wardhaugh, Ronald. 1992 [1986]. *Introducción á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC.